

Exercicios de autoavaliación

I: Comentario de texto (1)

Respice Finem

Morte cruel, esa tredora maña
de roubar de non cato a humana vida
¿con qué ollos a podeche ver cumprida
na Santa Reina que hoxe perde España?.

Se aquel rancor que te carcome e laña
che tiña a mao para matar erguida,
¿non deras noutra parte esa ferida
donde non fora a lástima tamaña?.

¿Non se torcera fatal costume
i a lei que iguala do morrer na sorte
os altos Reis cos baixos labradores?.

Terrible en fin, é teu poder, ¡oh Morte!,
pois diante de ti, Reis e señores
son néboa, sombra, pó, son vento e fume.

Pedro Vázquez de Neira

1. Características e identificación do texto:

- Analiza a lingua do texto.
- Repara nos castelanismos e vulgarismos.

2. Estrutura e técnicas literarias:

- Explica a métrica do poema e o xénero poético ao que pertence.
- Indica as técnicas literarias propias do Barroco que aparecen neste texto: antítese, adxectivación enfática, hipérbole, apóstrofe, personificación, gradación do derradeiro verso.

3. Valoración e xuízo crítico.

- Demostra, a través do texto, a validez do galego para a literatura culta do barroco.
- Fala das causas polas que non chegou a haber literatura culta en galego nos séculos do renacemento do Barroco.

Solución: Suxerimos as seguintes liñas de resposta. Indicar que Vázquez de Neira, como Gómez Tonel, era funcionario da Real Audiencia da Coruña. Concretamente era médico ao servizo desta institución. Este soneto foi considerado a obra escrita máis lograda dos Séculos Escuros e reproduceno obras tan importantes na recuperación moderna da lingua e

literatura galegas como a *Historia de Galicia* de Vicetto, *El idioma gallego* de A.M. de la Iglesia, a *Literatura gallega* de Carré Aldao, etc. Máis que salientar os castelanismos evidentes e claros (*reina, donde...*), sinalar como aparecen termos hoxe ameazados polo castelanismo: *costume, rancor, ferida, Reis, néboa, poo, fume...* Sinalar o carácter barroco da brevidade da vida e mesmo a pervivencia do espírito das vellas danzas da morte. Sinalar a gradación do derradeiro verso do poema. Indicar que o galego era por estas datas unha lingua perfectamente válida para a expresión dunha literatura culta barroca, coma a castelá, como ben demostra este soneto. As causas da súa ausencia da literatura culta non estaban na estrutura da lingua nin na lingua, senón nas razóns sociolingüísticas vistas ao longo desta sección.

II: Comentario de texto (2)

1. Le o texto de X. M. Pintos. Aparece nel algunha forma que non sexa normativa? Relaciona o tema desenvolvido nestes catro versos co da obra á que pertence:

¡Ou Galicia, Galicia boi de palla,
canta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muita forza te asoballa.

A gaita gallega

2. Analiza metricamente estes versos. É unha métrica popular ou culta?

3. Explica a que alude Pintos coas imaxes *boi de palla/aguillón de aceiro*. Relaciona estas imaxes e o texto coas ideas do *provincialismo*.

Solución:

1. Lástima, muita. *A gaita gallega* (1853) mestura prosa e verso, así como galego, castelán e latín. Nel un gaiteiro intenta ensinar a lingua galega a un tamborileiro castelán. Pintos defende o galego como lingua propia de Galicia, defende a necesidade de normativizalo e acadar unha variante estándar e de normalizalo, de xeito que o galego estea presente na Xustiza, na Administración, etc. A reivindicación da lingua vai unida a unha defensa do progreso material e espiritual de Galicia, na liña dos Precusores e do movemento provincialista.

2. Estamos ante un cuarteto en hendecasílabos, que forma parte dun soneto que non reproducimos enteiro. Xa que logo é métrica culta.

3. A metáfora *boi de palla* presenta unha Galicia traballadora, dócil e mesmo esmagada polo centralismo do novo Estado liberal. O *aguillón* designa os impostos e obrigas de Galicia neste novo Estado liberal, que, segundo Pintos e os provincialistas, pedía moito e daba pouco.

III: Preguntas do tema (1)

1. Fala brevemente das *Festas Minervais*.

2. Que repercusión tivo na literatura galega a morte da raíña dona Margarida?
3. Fala dunha obra de teatro escrita nos Séculos Escuros e que é a primeira obra dramática da literatura galega.
4. Le estes versos e indica a que xénero pertencen. Fala da difusión deste xénero.

*Ao son do Miño e Mondego
bailai, pois Deus nasce xa
galego, que pouco va
de galileo a galego.*

Carlos Patiño

5. Comenta e explica a paronomasia do texto anterior. Terá algo que ver cos *Séculos Escuros* e coa situación diglósica do galego nesta etapa?
6. Escribe unhas dez liñas sobre o soneto barroco na literatura galega dos Séculos Escuros.
7. Cal é a primeira escritora de nome coñecido da literatura galega?
8. Quen era Camões? Compara a súa obra e a dos escritores españois do Século de Ouro coa literatura galega dos Séculos Escuros.
9. Quen foi e que representa o Mariscal Pardo de Cela?

Solución:

1. Eran unhas xustas poéticas na honra de Alonso de Fonseca. Para a literatura galega interesan as de 1697, pois destas consérvanse sete romances en galego.
2. En 1612 a Real Audiencia da Coruña decidiu publicar un libro de poemas na honra da raíña morta, as célebres *Exequias*. No libro figura o célebre *Soneto con falda* de Gómez Tonel e o soneto *Respice finem* do médico da Real Audiencia Pedro Vázquez de Neira.
3. *O Entremés famoso sobre da pesca no río Miño*, posiblemente de 1671, obra de Gabriel Feixoo de Araúxo, presenta humoristicamente as liortas entre portugueses e galegos pola quenda de pesca no Miño.
4. É unha panxoliña ou vilancico. Eran cantados no Nadal non só en Santiago ou Mondoñedo, senón fóra de Galicia: Valladolid, Toledo, Coimbra, Lisboa...
5. Considerábase Galicia como unha rexión pobre, rústica, apartada, de pobres campesiños e pastores. Iso conviña á tradición do Nadal e á adoración dos pastores.
6. Aparece cultivado especialmente nas *Exequias pola raíña dona Margarida* de 1612, por obra de Gómez Tonel e Vázquez de Neira.
7. Dña. Isabel de Castro e Andrade, autora dun soneto en gabanza de Alonso de Ercilla.
8. O gran poeta da literatura portuguesa, especialmente co seu poema épico *Os Lusíadas*, publicado en 1572.
9. O nobre axustizado en Mondoñedo en 1483 por opoñerse aos Reis Católicos.

IV: Preguntas do tema (2)

1. Explica o propósito de Rosalía ao escribir *Cantares Gallegos*.
2. Comenta en que consiste a innovación de *Follas Novas*. Non esquezas que Rosalía era muller e o galego unha lingua en situación de diglosia.
3. Explica, comparándoos, os temas de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*.
4. Define o sentimento da *saudade* e as súas clases.
5. Que sentimento expresan estes versos? Relaciónaos con *Negra Sombra*.

Cava lixeiro, cava,
xigante pensamento;
cava un fondo burato onde a memoria
do pasado enterremos.
¡Cava, cava lixeiro!
E por lousa daraslle o negro olvido
i a nada lle darás por simeterio.

Rosalía de Castro: Follas novas

6. Explica os dialectalismos e formas non normativas dos versos anteriores.
7. Comenta as metáforas, repeticións, anáforas e apóstrofes dos versos anteriores.
8. Analiza a adxectivación do texto e os valores das formas verbais que aparecen nel.
9. A linguaxe de Rosalía inclúese no bloque occidental. Cales son as características deste bloque?
10. Por que emprega Rosalía o seseo? Por que non emprega a gheada?
11. Cita e comenta brevemente as partes de *Follas Novas*.

Solución:

1. Demostrar que o galego era unha lingua apta para todo tipo de poesía e literatura e desbotar prexuízos contra Galicia e os galegos.
2. A novidade consiste en facer unha poesía de tipo metafísico coa *saudade* ontolóxica como gran tema, así como por ser unha poesía tamén de crítica social e até de reivindicación feminista. Até agora o galego só se consideraba unha lingua apropiada para poesía lírica de ton popular.
3. Coinciden nalgúns temas como a exaltación da paisaxe, de tradicións e tipos galegos, etc. Pero *Follas Novas* é fundamentalmente un libro dominado polo tema da *saudade* sen obxecto.
4. A *saudade* é o sentimento da soidade. A soidade obxectiva é a causada pola ausencia de algo concreto: o amado ou amada, a terra onde un naceu, o desexo de perfección...etc. A *saudade* ontolóxica é a que non ten obxecto concreto e procede do sentimento da singularidade das persoas no mundo así como do sentimento da soidade ontolóxica.
5. A memoria non deixa en paz á poeta. Tense identificado a *negra sombra* con esta volta recorrente do pasado: as lembranzas, o que puido ser e non foi, os sentimentos de culpa...etc, sempre a volta do pasado, martiriza o espírito da poeta.
6. Olvido, nada, simeterio.
7. Personificación do pensamento como un enterrador que cava unha cova

onde enterrar a memoria. Adxectivación simbólica: *negro olvido*. Anáfora pola repetición de *cava*. A metáfora *negra lousa* referida a esquecemento expresa o desexo de tapar por completo a *memoria*, metida dentro dunha cova situada, hiperbolicamente e fantasticamente, no *semiterio da nada*.

8. Todos, menos dous, son imperativos. A única forma que non é imperativo é un futuro de mandato: *por lousa daralle*.

9. Plural -ns nas palabras rematadas en -n, seseo na marxe implosiva da sílaba e nalgúns zonas tamén explosivo; terminación -an para masculino e feminino en substantivos como irmán, pronome ti, forma varreches.

10. Porque se consideraba trazo menos vulgar ca a gheada e buscaba darlle un certo ton popular á súa lingua, mesmo de verosimilitude.

11. *Vaguedás*, expresión da dor íntima; *Do íntimo*, a paisaxe desolada do exterior reflicte a angustia; *Varia*, sentimentos diversos que van desde a morriña á emoción ante a paisaxe ou a emigración; *Da terra*, temas similares aos de *Cantores Gallegos*, pero sempre cun fondo de dor; *As viúdas dos vivos e dos mortos*, a situación da muller na Galicia de Rosalía.